

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

## MINISTERIO DA PRESIDENCIA

**5399** Orde PRE/628/2011, do 22 de marzo, pola que se modifica o anexo II do Real decreto 866/2008, do 23 de maio, polo que se aproba a lista de substancias permitidas para a fabricación de materiais e obxectos plásticos destinados a entrar en contacto cos alimentos e se regulan determinadas condicións de ensaio.

A Directiva 2002/72/CE da Comisión, do 6 de agosto de 2002, relativa aos materiais e obxectos plásticos destinados a entrar en contacto con produtos alimenticios, supón unha medida específica no ámbito do artigo 5 do Regulamento (CE) n.º 1935/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de outubro de 2004, sobre os materiais e obxectos destinados a entrar en contacto con alimentos e polo que se derrogan as directivas 80/590/CEE e 89/109/CEE.

Esta directiva está incorporada ao ordenamento xurídico interno mediante o Real decreto 866/2008, do 23 de maio, polo que se aproba a lista de substancias permitidas para a fabricación de materiais e obxectos plásticos destinados a entrar en contacto cos alimentos e se regulan determinadas condicións de ensaio.

Esta orde, que se dita ao abeiro do disposto na disposición derradeira terceira do Real decreto 866/2008, do 23 de maio, que habilita as ministras de Sanidade, Política Social e Igualdade e de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño para ditar as disposicións necesarias para a actualización dos seus anexos cando sexa necesario para adaptalos ás disposicións da Unión Europea, incorpora ao noso ordenamento xurídico as disposicións da mencionada Directiva 2011/8/UE.

Na súa tramitación foron consultadas as comunidades autónomas e cidades de Ceuta e Melilla, os sectores afectados, as asociacións de consumidores e usuarios e emitiu o seu preceptivo informe a Comisión Interministerial para a Ordenación Alimentaria.

Na súa virtude, por proposta das ministras de Sanidade, Política Social e Igualdade e de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

**Artigo único.** *Modificación do anexo II do Real decreto 866/2008, do 23 de maio, polo que se aproba a lista de substancias permitidas para a fabricación de materiais e obxectos plásticos destinados a entrar en contacto cos alimentos e se regulan determinadas condicións de ensaio.*

A entrada da sección A do anexo II do Real decreto 866/2008, do 23 de maio, polo que se aproba a lista de substancias permitidas para a fabricación de materiais e obxectos plásticos destinados a entrar en contacto cos alimentos e se regulan determinadas condicións de ensaio correspondente á substancia con número de referencia 13480 substitúese pola seguinte:

|       |             |                                 |  |
|-------|-------------|---------------------------------|--|
| 13480 | 000080-05-7 | 2,2-bis(4-hidroxifenilo)propano | LME(T) = 0,6 mg/kg <sup>(28)</sup> .<br>Non utilizar na fabricación de biberóns de policarbonato para lactantes* |
|-------|-------------|---------------------------------|--|

\* Lactantes tal e como se definen no Real decreto 867/2008, do 23 de maio, polo que se aproba a regulamentación técnico-sanitaria específica dos preparados para lactantes e dos preparados de continuación.

Disposición derradeira primeira. *Incorporación de dereito da Unión Europea*

Mediante esta orde incorpórase ao dereito español a Directiva 2011/8/UE da Comisión, do 28 de xaneiro de 2011, que modifica a Directiva 2002/72/CE en relación coa restrición de uso de bisfenol A en biberóns de plástico para lactantes.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 22 de marzo de 2011.–O ministro da Presidencia, Ramón Jáuregui Atondo.